

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**14910** *Real decreto lei 14/2011, do 16 de setembro, de medidas complementarias en materia de políticas de emprego e de regulación do réxime de actividade das forzas e corpos de seguridade do Estado.*

I

O principal obxectivo do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego foi mellorar a eficiencia das nosas políticas de emprego ante a grave situación da economía española, co fin de contribuír á mellora do mercado de traballo e á maior empregabilidade dos que buscan un emprego, modificando a Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

A necesidade de seguir avanzando no obxectivo de mellorar a eficiencia das nosas políticas de emprego aconsella levar a cabo novas reformas tendentes a reforzar a garantía da igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade no acceso e no mantemento no emprego, comprometendo o Goberno para a súa inclusión na Estratexia española de emprego.

Así mesmo, preténdese favorecer as fórmulas de autoemprego, de traballo autónomo e de economía social incluíndo unha regulación específica da interlocución do Consello do Traballo Autónomo e do Consello para o Fomento da Economía Social en materia de políticas activas de emprego para dar resposta ás peticións das organizacións do sector.

En consonancia co principio de adecuación das políticas activas de emprego ás características do territorio, tendo en conta a realidade do mercado de traballo e as peculiaridades de cada comunidade autónoma, preténdese incrementar a colaboración entre as administracións públicas na incentivación do emprego indefinido, mediante a participación das comunidades autónomas na xestión das bonificacións das cotas sociais á contratación indefinida, que se poderá instrumentar nos correspondentes acordos de traspaso.

Nesa mesma liña de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e de favorecer a súa adaptación ás características do territorio prevese a inclusión no Comité de Xestión do Fondo de Políticas de Emprego, creado na disposición derradeira primeira do citado Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, dunha persoa que exerza a representación das comunidades autónomas co fin de garantir que o criterio destas poida ser tido en conta no desenvolvemento das funcións atribuídas a ese comité.

Por último, o Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, regula o contrato para a formación e a aprendizaxe en substitución do contrato para a formación, co fin de configurar na nosa lexislación laboral un contrato con plenos dereitos laborais e de protección social que combine o traballo remunerado nunha empresa coa formación que permita adquirir unha cualificación profesional.

Non obstante o anterior, o contrato para a formación é a modalidade de contratación prevista na normativa que regula os programas de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, programas que, ben que foron derogados polo Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, permanecerán en vigor, en virtude do disposto na súa disposición transitoria terceira, até que se aproben a Estratexia Española de Emprego e o Plan Anual de Política de Emprego, previstos na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, para o exercicio 2012, circunstancia que até a data de entrada en vigor do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, non se produciu.

Tendo en conta o exposto, a citada normativa reguladora é a que as comunidades autónomas e o Servizo Público de Emprego Estatal, nos seus respectivos ámbitos de competencia, consideraron para efectuar as convocatorias e a aprobación de proxectos daqueles programas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, e, por tanto, determina as subvencións que se conceden ben como os requisitos das persoas desempregadas participantes, polo que procede o mantemento da aplicación do contrato para a formación nestes supostos.

Por isto, é necesario regular expresamente a posibilidade de utilizar o contrato para a formación vixente no momento da aprobación dos proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, ben como aqueles promovidos polas comunidades autónomas pendentes de aprobación con base nas convocatorias efectuadas con anterioridade á súa entrada en vigor, ben como a non suxeición aos límites de idade e duración establecidos para o novo contrato para a formación e a aprendizaxe.

O feito de que estas medidas teñan un carácter estrutural e unha efectividade máis prolongada no tempo non resta fundamentos á urxente necesidade de abordar a citada reforma no contexto económico e laboral en que nos encontramos, xa que entre os fins que persegue está o de seguir contribuíndo a conformar o novo modelo económico e produtivo, ben como un mercado de traballo máis eficiente e de máis calidade, algo sobre o que existe unha ampla coincidencia en sinalar que soamente resulta posible implementando con urxencia reformas como a que se aborda co presente real decreto lei.

Por conseguinte, a existencia de que as comunidades autónomas poidan aplicar rapidamente as medidas que se adoptan co fin de dar inmediato cumprimento á finalidade exposta constitúe o feito habilitante de extraordinaria e urxente necesidade que a Constitución exige no seu artigo 86 para aprobar este real decreto lei.

## II

Por outra parte, o presente real decreto lei modifica a regulación da permanencia en servizo activo dos membros do Corpo da Policía Nacional. Establécese como novidade a posibilidade de permanencia no servizo activo até a idade de xubilación aos sesenta e cinco anos, permitindo a prolongación da carreira profesional sempre que se reúnan as condicións adecuadas para o desempeño. Igualmente, modifícase o réxime aplicable a determinados membros da Garda Civil para posibilitar a súa permanencia en servizo activo até o cumprimento da idade de 65 anos.

A modificación permite un mellor aproveitamento das capacidades das forzas e corpos de seguridade do Estado, e, deste modo, unha planificación máis adecuada da futura oferta de emprego público neste ámbito.

A necesidade desa planificación xa para o ano 2012, no actual contexto de austeridade das administracións públicas, fai necesaria a aprobación urxente do novo réxime de actividade, como elemento fundamental para asegurar a cobertura das necesidades de persoal de ambos os corpos no marco dunha política de persoal necesariamente restritiva respecto da desenvolvida nos últimos anos.

## III

Finalmente, o real decreto lei inclúe nas súas disposicións adicionais catro medidas de modificación de aspectos concretos de normas adoptadas nos últimos anos en materias diversas, que teñen en común a necesidade dunha aprobación inmediata polos seus efectos sobre a actividade económica ou polo seu carácter de clarificación da normativa e cobertura dalgunhas lagoas detectadas.

Así, a disposición adicional primeira vén cubrir a lagoa detectada na Lei 35/2010, ao suprimir unha modificación anterior dese parágrafo inicial do número 4 do artigo 25 introducida pola Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos. Deixábase así sen tipificar como infracción grave a nova conduta asociada á prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, o que se corrige agora.

A disposición adicional segunda, pola súa parte, enmárcase nun contexto de feches de establecementos comerciais e perdas de empregos directos e indirectos como consecuencia da crise económica, o que afecta a sustentabilidade dalgúns formatos comerciais como o das tendas de conveniencia. Mediante a Lei 42/2010, do 30 de decembro, incluíuse dentro da canle de distribución de tabaco as tendas de conveniencia situadas nas estacións de servizo. No transcurso dun ano obervouse empiricamente que esta medida produciu unha alza das vendas do 13 %, non soamente polo tabaco senón tamén pola venda inducida doutros produtos no mesmo acto de compra.

Proponse, en consecuencia, a inclusión da actividade de venda de tabaco para todas as tendas de conveniencia e non soamente para as das estacións de servizo, co obxecto de estender o incremento de vendas á totalidade de establecementos deste formato comercial, evitándose así a discriminación constatada e o seu correspondente correlato nas contas dos operadores comerciais.

A disposición adicional terceira corrixe a redacción vixente da Lei 7/2010, do 31 de marzo, de comunicación audiovisual, aclarando a distribución das obrigas de financiamento por parte dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual entre películas cinematográficas e películas e series de televisión.

Por último, a disposición adicional cuarta aclara o réxime do silencio administrativo en materia de ensaios clínicos.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Defensa, do Interior, de Traballo e Inmigración, de Industria, Turismo e Comercio, de Presidencia, de Cultura, de Política Territorial e Administración Pública e de Sanidade e Política Social, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de setembro de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Medidas complementarias en materia de políticas de emprego**

Artigo 1. *Modificación da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

A Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 1.2 do artigo 19 quáter da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que queda redactado nos seguintes termos:

«1.2 Información e xestión de ofertas de emprego adecuadas, incluíndo as procedentes dos outros países da Unión Europea, ben como información sobre o mercado de traballo, e os incentivos e medios dispoñibles para o fomento da contratación e o apoio ás iniciativas emprendedoras, con especial atención ás fórmulas de autoemprego, de traballo autónomo ou de economía social.»

Dous. Modifícanse as alíneas f) e g) do número 1 do artigo 25 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, que quedan redactadas como segue:

«f) Oportunidades para colectivos con especiais dificultades: accións e medidas de inserción laboral de colectivos que, de forma estrutural ou conxuntural, presentan especiais dificultades para o acceso e a permanencia no emprego. Para estes efectos, terase especialmente en consideración a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das persoas con discapacidade e das persoas en situación de exclusión social. En relación coas persoas con discapacidade, incentivarase a súa contratación tanto no emprego ordinario como no emprego protexido a través dos centros especiais de emprego. Respecto ás persoas en situación de exclusión social impulsarase a súa contratación a través das empresas de inserción.

O Goberno garantirá na estratexia española de emprego a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade no acceso e no mantemento no emprego. As disposicións que se inclúen na disposición derogatoria única do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, e que afecten as persoas con discapacidade, permanecerán en vigor naquelas comunidades autónomas que non desenvolvan accións e programas propios nesta materia.

g) Autoemprego e creación de empresas: accións e medidas dirixidas a fomentar as iniciativas empresariais mediante o traballo autónomo e a economía social.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Consulta aos consellos do Traballo Autónomo e para o Fomento da Economía Social.*

Na elaboración da Estratexia Española de Emprego e do Plan Anual de Política de Emprego, e en relación coas actuacións de promoción do traballo autónomo e da economía social, consultaránse os consellos do Traballo Autónomo e de Fomento da Economía Social.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional á Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Participación das comunidades autónomas na incentivación do emprego indefinido.*

No marco dos convenios que se subscriban entre o Goberno e as comunidades autónomas poderán adoptarse os correspondentes acordos de traspaso para a participación na xestión das bonificacións das cotas sociais á contratación indefinida, respecto dos traballadores e traballadoras dos centros de traballo radicados na súa comunidade autónoma, ben como respecto dos traballadores e traballadoras autónomos radicados nela.»

Artigo 2. *Modificación do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego.*

Modifícase o número 8 da disposición derradeira primeira do Real decreto lei 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, que queda redactado como segue:

«8. Para o control e ordenación da xestión económica do Fondo de Políticas de Emprego créase o comité de xestión do mencionado fondo.

Este comité estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e comporase, ademais, de seis membros: dous designados polo Ministerio de Economía e Facenda, un dos cales realizará as funcións de vicepresidente; un designado pola Intervención Xeral da Administración do Estado; dous designados pola Secretaría de Estado de Emprego, un dos cales actuará como secretario do comité, con voz e sen voto; e un en representación das comunidades autónomas, con voz e sen voto, que será quen se encargue, en cada momento, da vicepresidencia do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Este comité terá as funcións de formular propostas de ordenación, asesoramento e selección de valores que constituirán a carteira do fondo, o alleamento de activos financeiros que o integren e demais actuacións que os mercados financeiros aconsellen, ben como de elaborar un informe anual.

O Comité de Xestión do Fondo de Políticas de Emprego poderá contar co asesoramento de expertos nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Artigo 3. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*

Engádesse unha nova disposición adicional ao Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo novena. *Contratos para a formación e a aprendizaxe.*

1. Para aqueles proxectos de escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego, ben como outros proxectos de emprego-formación promovidos polas comunidades autónomas, que fosen aprobados ou estean pendentes de aprobación conforme convocatorias efectuadas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego da mocidade, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego, poderase utilizar a modalidade do contrato para a formación de acordo coa normativa vixente no momento da aprobación dos citados proxectos ou convocatorias.

2. O límite de idade e de duración para os contratos para a formación e a aprendizaxe establecidos nas alíneas a) e b) do artigo 11.2, non será de aplicación cando se subscriban no marco das accións e medidas establecidos na alínea d) do artigo 25.1 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.»

## CAPÍTULO II

### **Réxime de actividade dos membros das forzas e corpos de seguridade do Estado**

Artigo 4. *Permanencia no servizo activo dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía.*

Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía poderán permanecer na situación de servizo activo até os sesenta e cinco anos, idade establecida como de xubilación forzosa polo artigo 16.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sempre que reúnan as adecuadas condicións para o desempeño das funcións atribuídas.

Non obstante o anterior, poderán optar por pasar á situación de segunda actividade, por petición propia, cando se encontren en situación de servizo activo, a partir do cumprimento dos cincuenta e oito anos de idade, excepto os membros da escala superior, que poderán optar a partir dos sesenta e dous anos de idade.

Artigo 5. *Permanencia no servizo activo dos cabos e gardas do corpo da Garda Civil.*

Non obstante o regulado para o paso á situación de reserva dos membros do corpo da Garda Civil, os integrantes das categorías de cabos e gardas poderán solicitar a concesión de prórroga para continuar en servizo activo até o cumprimento da idade de sesenta e cinco anos.

Disposición adicional primeira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Modifícase o parágrafo inicial do número 4 do artigo 25 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. No caso de solicitantes ou beneficiarios de prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, ou de traballadores por conta propia solicitantes ou beneficiarios da prestación por cesamento de actividade:»

Disposición adicional segunda. *Modificación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.*

Modifícase o parágrafo primeiro da alínea b) do artigo 4 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco soamente se poderán situar no interior de quioscos de prensa situados na vía pública e en locais cuxa actividade principal sexa a venda de prensa con acceso directo á vía pública, nas tendas de conveniencia previstas no artigo 5.4 da Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais, que estean situadas en estacións de servizo ou que presenten certificación acreditativa desa condición, expedida pola autoridade competente en materia de comercio, ben como naqueles locais a que se refiren as letras k, t e u do artigo 7 nunha localización que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.»

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

Modifícase o parágrafo sexto do número 3 do artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, que queda redactado nos seguintes termos:

«Así mesmo, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual poderán dedicar até o 40 por 100 restante, e até o 25 por 100 no caso dos prestadores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública, do total da súa respectiva obriga de financiamento a películas, series ou miniserias para televisión. Dentro destas porcentaxes, os prestadores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade pública deberán dedicar un mínimo do 50 % a películas ou miniserias para televisión.»

Disposición adicional cuarta. *Modificación do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.*

No anexo I, relativo aos procedementos administrativos con sentido do silencio negativo que pasa a positivo, a referencia ao procedemento relativo ás autorizacións de ensaios clínicos e/ou produtos en fase de investigación clínica que regula o Real decreto



223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, quedará redactada como segue:

| Procedemento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | Norma reguladora                                                                                   | Artigo         | Prazo de resolución                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
| Autorización dos ensaios clínicos e/ou produtos en fase de investigación clínica, excepto os tres seguintes, nos cales o silencio será negativo:                                                                                                                                                                                                                                                                      | Lei 14/2000, do 29 de novembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.              | D.A. 29.       | 60 días naturais contados desde a a notificación de da admisión a trámite da da solicitude. |
| a) ensaios clínicos en que a AEMPS comunicase obxeccións ao promotor dentro dos 60 días naturais, contados desde a notificación da admisión a trámite da solicitude.                                                                                                                                                                                                                                                  | Real decreto 223/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos. | Arts. 20 a 27. |                                                                                             |
| b) ensaios clínicos con medicamentos que requiren a cualificación de produtos en fase de investigación clínica.                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                    |                |                                                                                             |
| c) ensaios clínicos con medicamentos de terapia xenética, terapia celular somática (incluídos os de terapia celular xenoxénica), ben como todos os medicamentos que conteñan organismos modificados xeneticamente, definidos agora como medicamentos de terapias avanzadas, que inclúen, así mesmo, os de enxeñaría tisular conforme o Regulamento 1394/2007, do 13 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello. |                                                                                                    |                |                                                                                             |

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio de supostos de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.*

Un. De conformidade co disposto na disposición transitoria sexta da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía, os funcionarios que ingresaron antes do 31 de decembro de 2001 manterán o dereito a pasaren a unha segunda actividade a partir do cumprimento da idade que, para cada escala, viña establecida na normativa vixente nesa data.

Dous. Os funcionarios do Corpo Nacional de Policía que á entrada en vigor deste real decreto lei se encontren na situación de segunda actividade con destino poderán seguir ocupando os postos de traballo que desempeñen até o seu cesamento polas causas establecidas.

Disposición derogatoria. *Derrogación de determinados preceptos da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía.*

Quedan derogados os artigos e disposicións seguintes da Lei 26/1994, do 29 de setembro, pola que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía:

- Artigo 2.2.
- Artigo 4.1 e 4.2. As referencias a este artigo no texto da Lei 26/1994 enténdense feitas ao parágrafo segundo do artigo 4 deste real decreto lei.
- Disposición adicional cuarta.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O capítulo segundo deste real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que outorga ao Estado competencia exclusiva sobre a seguranza pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de setembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

El Presidente del Gobierno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO